

ai

MÚSICA

**Gulliver
Fest**
EN NARÓN

Carlos Bawte

NAS FESTAS DE FERROL

Serxio Peck Sequeiro

Máis dun cento de referencias creativas ás súas costas, velaí a heroicidade do selo discográfico Ferror Records, o único da nosa cidade que desde 2015 desafia modas e circunstancias para editar cada ano a novos artistas. Sobre o seu traballo falamos con Serxio “Peck” Sequeiro, fundador canda Fernández Rego desta referencia musical de Galicia e fóra dela. **TEXTO:** Nicolás Vidal

Aí. Camiñades cada unha década de historia. Como naceu Ferror Records?

SS. A nosa idea era e é apoiar a escena local en xeral e, en concreto, editar os traballos da miña banda Carrero Bianco. Así, deses primeiros recompilatorios de grupos de Ferrol e comarca comezamos a publicar os discos en solitario de cada un deles e a cousa foi aumentando con bandas de toda Galicia e incluso algunhas de fóra.

Aí. Nestes anos cantas referencias editaches e cantas son de Ferrol?

SS. Andamos xa preto das 120. Nun principio era todo de aquí, pero cada vez o peso de fóra e maior. De todos os xeitos en breve anunciaremos unha sorpresa local, aínda que polo momento non se pode adiantar nada.

Aí. Cal é o traballo nun selo como o voso?

SS. Depende dos grupos. Hainos que xa nos dan a gravación feita e nos facemos o deseño e cousas así, ata outros

aos que xestionamos nós a gravación ou como mínimo a masterización para mellorar o son, sobre todo se o disco é dixital. Tamén cousas como a promoción, etc.

Aí. Que criterio tedes á hora de fichar a un artista baixo Ferror Records?

SS. Que nos guste. Nun principio tirábamos máis para a electrónica ou o synth-pop, pero agora temos referencias de todos os estilos que poden ir desde o rock americano de Los Eternos a apostas máis variadas como a de Carlos Risco. Hoxe valoramos que as propostas teñan estilo e alma.

Aí. Tedes que dicirle que non a moitos grupos?

SS. Si, a moitos, pero xa non porque nos gusten máis ou menos, senón porque podemos editar 12 ou 15 referencias ao ano e o plan de traballo xa está rematado, non caben máis cousas. De feito xa temos pechado o que vai saír para 2025. Agora preferimos centrarnos máis na calidade do

que editamos que en facer un catálogo máis extenso.

Aí. Logo dun tempo en que os formatos físicos dos discos parecía que desaparecían, veu o boom do vinilo. Que está a pasar?

SS. Na pandemia medrou moito o físico e si, o vinilo tivo un bo momento pero xa da signos de esgotamento. As tiradas de 300 exemplares xa baixaron os prezos de fábrica, ao mellor de 2.200 euros a 1.900, e incluso as datas de entrega de tres a dous meses. Hai estilos underground que aínda prefiren ese formato pero o consumo maioritario da xente non pasa tanto por prender o equipo, poñer o disco no plato, etc., fronte a conectar o móbil e darlle ao bluetooth.

Aí. E as vendas online como van?

SS. Pouca cousa, a verdade. Si e certo que vendes en países de todo o mundo, de Xapón a Estados Unidos, e volvendo ao dos formatos, non faltan casetes, un rolo moi postpunk

e que xoga coa nostalxia. Aí tes a grupos como Voces de Ultratumba, de Vigo, a banda feminina dos 80 que regresou hai pouco.

Aí. Hai dez anos vos imaxinabades aquí, con 120 discos editados e bandas de fóra de Galicia?

SS. Pois non, pero non hai quen edite, hai poucos selos e un traballo que hai que facer. Hai cousas que como músico a un lle resultan tediosas: deseño de cubertas, promoción nos medios, etc. E a estas alturas xa temos un nome e unha etiqueta que se valora. Estamos moi satisfeitos.

Aí. E un fai cartos cun selo de discos?

SS. Con non perder e seguir editando xa estás contento.

Aí. Fálame dos traballos que vos funcionaran mellor do que esperabades?

SS. Houbo sorpresas moi agradables, como os casos de Zavala, cun vinilo que vendeu moi ben, de Carlos Risco ou Garza. Logo hai outros que xa o notas como Chicharrón, Copa Turbo, etc.

Aí. Que novidades inminentes tedes para publicar?

SS. Están a piques de saír os traballos para outono de Auto Sacramental e Nüca.

Aí. Como canteira de bandas, a administración local vos consulta algo?

SS. Temos boa relación independentemente da cor das corporacións. Algo preguntan, de vez en cando. Onde máis se notou a colaboración foi nos concertos dos xoves na capela do Torrente.



“DAS PROPOSTAS MUSICAIS DE FERROR RECORDS VALORAMOS QUE TEÑAN ESTILO E ALMA”

Aí. Para rematar, poderías explicar que son os “Solpores” e que tedes previsto para o mes de agosto?

SS. Outra forma de promocionar aos nosos grupos. Comezamos hai catro anos e os

meses de verán temos concertos no Centro Cívico de Canido. O próximo será o sábado dezasete de agosto, data na que contaremos desde as 20.00 horas con La Toñi, Bratzantifa e Swic.

Jazz de Ría

VIII FESTIVAL DE JAZZ



16 a 20 agosto 2024

NARÓN | NEDA | CEDEIRA | VALDOVIÑO

ALBA CARETA GROUP

ANTÍA MUÍÑO

CUARTETO FEDERAL

DEMO RUMUDO

LETICIA REY

MAGALÍ SARE & MANEL FORTIÀ

MARCO MEZQUIDA

PABLO SANMAMED TRÍO + BENXAMÍN OTERO

LE BARLUTHIER | LOIS RIVERA

ISAÍAS SALAZAR | SWING ON | ESCOLA DA VACA

jazzderia.gal



PROMOVEN:



CEDEIRA



VALDOVIÑO



ORGANIZA:



COLABORAN:



9-10 venres e sábado 20.15 H

MAR ABERTO

Música

CASTELO DE SAN FELIPE (FERRO)L



SESIÓN DJ DE APERTURA E DOUS CONCERTOS POR NOITE FORMAN O PROGRAMA DESTA FESTIVAL QUE PATROCINA TURISMO DE GALICIA.

Señora DJ e a cantante peruana Pamela Rodríguez, que presenta o seu disco “Meiga” abren este festival o venres. Esa mesma noite, ás 21:30 h., a proposta artística de Zahara e Martí Perarnau (Juno) pecha a xornada, un proxecto de pop intimista con sonidos electrónicos e ritmo de rave. Na xornada do sábado, Rapariga DJ, a artista galego-brasileira Lúa de Santana e, no peche, María José Llergo. Entradas esgotadas.

1-5 xoves a luns **TODO O DÍA**

FEIRA MEDIEVAL

Feira

FERROL VELLO E ZONA PORTUARIA

UN CLÁSICO DO VERÁN, UNHA FEIRA POPULAR CON ARTESANÍA, CHEIRO A COMIDA FEITA NA RÚA E ESPECIALIDADES.

Cinco días de feira no barrio máis antigo da cidade, xunto ao peirao. Postos de artesanía e comida, espectáculos de malabares e ambientación “medieval” para abrir o mes de agosto cun evento que sempre resulta un éxito de público.

9-10 venres-sábado

FELICIA POP

Música

PARQUE DA HORTIÑA. LIMODRE (FENE)

15€



O FELICIA POP VOLVER FACER MESTURA DE ESTILOS DO POP E O ROCK NA SÚA XXVI EDICIÓN.

O parque da Hortiña en Limodre (Fene) volve ser a sede do Felicia Pop. Unha das citas musicais máis lonxegas do verán galego. O festival celebra os días 9 e 10 a súa XXVI edición da man da asociación cultural Felicia, sempre cos estilos que van do pop ao rock, pasando polo folk e a psicodelia. A partir das 21.00 horas do venres 9 abrirán os galegos Helen & Shanna seguindo con Thee Blind Crows, Boston Babies, desde Manchester os Fruit Tones e, para despedir, a banda asturiana Dr. Explosion. O sábado ás 13.30 horas sesión vermú libre con Ataque Escampe e xa pola noite, dous galegos moi diferentes: Lorre e Meu, seguidos de Fleur desde os Países Baixos, a impactante La Perra Blanco e para despedir The Tambles, tamén desde terras holandesas. Haberá picadiscos cada noite, camping gratuito e incluso unha previa, o día 8 da escola local da parroquia limodresa, con Roger de Flor e o violinista Bernard desde as 22.30 horas e con entrada gratuíta.

9-11 venres-dominho

GULLIVER FEST

Música

ÁREA RECREATIVA DE PEDROSO (NARÓN)



A BEIRA DO RÍO XUVIA, GULLIVER FEST OFRECE UNHA CONEXIÓN ENTRE MÚSICA, VIAXES, NATUREZA E DEPORTE.

La Ganga Calé e Festicultores, ambos os dous cultivadores da música de rúa e troula son os cabezas de cartel deste festival rural, que promove a “cultura viaxeira”. A banda madrileña de Josué García –cun sonido que abraza a salsa, a rumba, o funk e o reggae– é un dos pratos fortes do menú musical deste festival. Tamén os galegos Festicultores, unha banda de música de rúa e querencia rural imprescindible en calquera festa do país. A tarde do domingo, pecharán o festival os portugueses de Kumpania Algazarra, un combo potente e moi experimentado que conta por centos as súas actuacións por Europa adiante. Xunto aos concertos, en Pedroso haberá charlas sobre primeiros auxilios na natureza, ioga e o relato de experiencias como a de Pablo Nemo (“800 días camiñando por África”), Íñigo Echenique (“Viaxar como nómadas dixitais”) ou a de Cristina Reyes (“Volta ao mundo con discapacidade auditiva”), teatro, cabaret, actividades infantís e deportivas.

16 venres

22.30 H

GUADI GALEGO

Música

PRAZA ROXA (CEDEIRA)

DE BALDE

A ARTISTA CEDEIRESA PECHA ESTE ANO AS FESTAS DA SÚA VILA COMPARTINDO ESCENARIO CON BANDA XANGAI.

Guadi Galego é unha das artistas máis relevantes da escena galega actual. Membro de Berrogüetto desde 1997, nos primeiros anos do século XXI comezou a explorar outras sonoridades en formacións como Espido e Nordestin@s. Con Benzón, o seu primeiro álbum en solitario, obtivo moi positivas críticas en Galicia e España. Desde aquela, unha chea de premios, éxito de público e, sobre todo, o cariño e recoñecemento de todo un país.

16-17 venres-sábado

NACHIÑOS FEST

Música

COVAS (FERROL)

9'5 €



PIGNOISE E CARLANGAS Y LOS CUBATAS SON OS CABEZAS DE CARTEL DO FESTIVAL DE COVAS.

Tras seducir a público e crítica durante anos á fronte de Novidades Carminha e máis recentemente co seu primeiro disco en solitario, Carlangas ten entre mans novas cancións e novos ritmos, unha revisitación estética e frenética de diferentes ritmos de baile.

16 venres

22.30 H

POI AO VIVO

Música

CCRD PERLÍO (FENE)

DE BALDE



TONHITO DE POI –SEN OS HERDEIROS–OFRECE UN ESPECTÁCULO DE ROCK ONDE TEN UNA ESPECIAL IMPORTANCIA A PARTE ELECTRÓNICA.

Esa nova parte electrónica da música de Poi é o que a banda chama, con algo de atrevemento, estilo “Poi Floyd”. O espectáculo non é soamente un concerto de rock ao uso, se non que, antes de cada tema, o cantante explica as razóns, que levaron a compoñelo, as historias que están detrás dun título, un retrouso o una palabra concreta de cada canción. En medio destas explicacións tamén hai espazo para momentos de risa, un equilibrio perfecto que a gran experiencia do cantante consegue crear para que a experiencia do público sexa única. A característica principal do estilo Poi Floyd é que podemos pasar dun momento de reflexión a un momento de baile, a corear un retrouso que antes non coñeciamos ao longo duna mesma canción.

Tonhito de Poi ten publicados dous discos en solitario, once coa súa banda Heredeiros da Crus e dous máis con outros colaboradores.

16-20 venres-martes

JAZZ DE RÍA

Música

NARÓN, NEDA, CEDEIRA E VALDOVIÑO

DE BALDE



UN FESTIVAL DE JAZZ PENSADO PARA A COSTA ÁRTABRA. A TRADICIÓN MARÍTIMA E INDUSTRIAL DA RÍA FOI A FONTE DE INSPIRACIÓN PARA A CREACIÓN DESTE FESTIVAL.

O sábado 17 de agosto no Parque de Freixeiro (Narón) é o día grande de Jazz de Ría. Alí, desde as 13:30 horas se sucederán as actuación da banda local Demo Rumudo, obradoiros de instrumentos, aulas de baile swing e palmas flamencas e –desde as 19:00 h– os concertos de Magalí Sare e Manel Fortià, Pablo Sanmamed Trío e Benxamín Otero e Alba Careta Group co seu terceiro disco, unha compilación de composicións inspiradas nas súas propias vivencias e experiencias e varias versións da nova cançó. Despois de recibir o premio Enderrock a mellor disco revelación de jazz e de xirar por algúns dos mellores escenarios da escena jazz europea como Jazzahead (Bremen), Jazzaldia (Donostia), Injazz (Rotterdam) ou Jazz I Am (Barcelona), chega a Narón cun directo explosivo, enérxico e orgánico e cun quinteto formado polos mellores músicos da escena jazzística catalá actual.

O domingo 18 ás 13.00 h actuará Antía Muíño na ribeira de Neda, o luns 19 Le Barluthier e Cuarteto Federal en Cedeira e o martes 20 Leticia Rey na praia do Baleo (Valdoviño).



GULLIVER

2024

F · E · S · T

9, 10 E 11 AGOSTO

MUÑO DE PEDROSO - NARÓN

**CINCO ANOS CELEBRANDO
A CULTURA VIAXEIRA**

LA GANCA CALÉ · KUMPANIA ALGAZARRA

BROKEN PEACH · FESTICULTORES TROUPE

THE SOULERS · SUPERGLÚ · FANFARRIA TAQUICARDIA

THE HONKIES BLUES BAND · LA DUENDENETA

TAMBORES DA LAGOA · "TEATRO SOBRE RUEDAS"

CHARLAS VIAXEIRAS · CARREIRA DE ORIENTACIÓN

OBRADOIROS · MERCADO · ZONA CAMPER · ACAMPADA · GLAMPING · FOOD TRUCKS



WWW.GULLIVERFEST.ES

17 sábado 20.00 H

DAVID OTERO + PAULA MATHEUS

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL) DE BALDE



CADENA 100 ABRE AS FESTAS DE FERROL: DEPOL, MELOCOS, PAULA MATTHEUS E DAVID OTERO COMPARTEN PALCO.

David Otero (ex El canto del Loco, ex El Pescaio) é un dos artistas que abre as festas de Ferrol no concerto da emisora cadena 100. Pop moderno e luminico con sons revival e ritmos bailables.

18 domingo 22.00 H

VEINTIUNO

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



GALARDOADOS CO PREMIO ODEÓN A ARTISTA REVELACIÓN ROCK EN 2022), VEINTIUNO SEGUE APOSTANDO POLAS GRANDES CANCIÓNS, ELABORADAS ARTESANALMENTE.

Catro amigos que se xuntaron sendo críos nun local de Toledo para facer cancións xuntos, evolucionar xuntos, aprender xuntos, crear obras artísticas xuntos. Eses son "Veintiuno. Defensores acérrimos do concepto de banda, defínense como unha irmandade de losers que se xuntaron con, literalmente, todas as de perder. Hai uns días, a banda sorprende novamente co seu novo single e videoclip «Armadura» tras o éxito de «Estarás», canción que marcou o inicio do camiño cara ao seu próximo álbum, programado para 2025.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 FERROL - A Coruña
Tels.: 881 951 670 - 698 179 453
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es

19 luns

22.00 H

CARLOS BAUTE

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



O ARTISTA VENEZOLANO CELEBRA TRES DÉCADAS SOBRE OS ESCENARIOS COA XIRA «DE MI PUÑO Y LETRA», UN PERCORRIDO MUSICAL POLOS SEUS GRANDES ÉXITOS.

Carlos Baute chega a Ferrol acompañado pola súa banda completa para interpretar algúns deses himnos que marcaron a varias xeracións: «Quien te quiere como yo», «Te regalo», «Amarte Bien» ou «Colgando en tus manos» son só algunhas das cancións que interpretará no escenario da praza de Armas. Ven de lanzar o tema «Muy loco», unha bachata que é o xerme do seu próximo álbum, que verá a luz en 2025.

20 martes

21.00 H

LA DÉCADA PRODIGIOSA E METROPOP

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE

VIAXE AO PASADO REVIVINDO ALGÚNS DOS TEMAS QUE MARCARON A VARIAS XERACIÓNS.

Coñecidos polos seus popurrís, o seu nome ten corenta anos de historia e máis de cinco millóns de discos vendidos. La Década Prodigiosa fórmana agora Javier Enzo, Lorena René, Roberto Velasco e Rachel Lamb, que presentan o seu traballo Las ganas de vivir, e recompilan moitos dos temas do grupo orixinal. No mesmo escenario estará tamén o grupo Metropop, que versiona música dos oitenta e os noventa.

21 mércores

22.00 H

FILLAS DE CASSANDRA

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



TRAS REVOLUCIONAR A ESCENA MUSICAL GALEGA COA SÚA ÓPERA PRIMA, ACRÓPOLE, PRESENTAN O SEU SEGUNDO TRABALLO, ÚLTIMAS DIONISIÁCAS.

Fillas de Cassandra son Sara Faro e María Pérez, voces dunha xeración feminista que mistura a música urbana coas melodías populares. As súas voces resoan entre pandeiretas de cantareiras e pulsos electrónicos cos que queren falar por todas as mulleres que foron caladas inxustamente ao longo da historia.

Regresan aos escenarios con Últimas dionisiacas, disco no que á electrónica máis escura e potente engaden outras composicións que apostan pola organicidade do piano, o bombo legüero, as pandeiretas, os pandeiros, o violín ou as harmonías vocais. Unha xira de gran calidade artística e escénica.

22 xoves

22.00 H

BERET

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



FUSIÓN DE POP URBANO E REGGAE É A APOSTA DESTE ARTISTA QUE SUMA MIL MILLÓNS DE REPRODUCCIÓN NAS PRATAFORMAS DIXITAIS.

«Diez mil por qués», «Bala perdida», «Si por mi fuera», «Pandora» ou «Lo siento» son só algúns dos temas máis coñecidos do cantante sevillano que ten publicado dous discos de estudio. O último, *Resiliencia*, explora novos sons, dende o urbano ata a balada e contén «Beso robado», un dos mellores temas que ten lanzado na súa carreira profesional.

23 venres

22.00

COTI

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE

O CANTANTE E COMPOSITOR DE TEMAS TAN ESCOITADOS COMO «NADA FUE UN ERROR» OU «ANTES QUE VER EL SOL» CHEGA A FERROL TRAS PUBLICAR *PORCELANA CHINA*.

Dende os inicios da súa carreira, Coti estivo rodeado de grandes da música como Calamaro, Fito Páez ou Julieta Venegas, que non tardaron en descubrir o seu talento. Decantouse por un pop con melodías lixeiras e apegadizas, que contaron co beneplácito do público. Agora chega con *Porcelana china*, un disco co que demostrar que aínda lle quedan moitos escenarios aos que subir.

24 sábado

22.00 H

ABRAHAM MATEO

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



É UN FENÓMENO DE MASAS ENTRE O PÚBLICO XUVENIL E UNHA DAS GRANDES FIGURAS DO POP ESPAÑOL ACTUAL. PRESENTA *INSOMNIO*, O SEU ÚLTIMO TRABALLO DISCOGRÁFICO.

A pesar da súa mocidade, Abraham Mateo é un dos grandes do pop actual. Dende que presentou a súa canción debut, «Señorita», ata converterse nun artista internacional, o gaditano leva gravado sete discos. *Insomnio* –o último e o que lle da nome á xira que o trae á praza de Armas de Ferrol– é o que máis se aproxima á música electrónica, pero sen esquecer o pop. “O pop é a esencia fundamental –explica–, aínda que coa electrónica sintome cada vez mellor. Gústame probar de todo”. Así, en *Insomnio* experimenta coa bachata, crea baladas apegadizas, rende homenaxe a The Weeknd ou fai un sample de María de la O.

A súa nominación a mellor artista español polos MTV EMA´s e as súas catro nominacións nos 40 Music Awards en 2023 constatan a excelente traxectoria dun artista que combina a súa xuventude coa experiencia de máis de 14 anos subindo a escenarios de todo o mundo.

27 martes

22.00 H

ISRAEL FERNÁNDEZ

Festas de Ferrol

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



O CANTE DE FERNÁNDEZ, DIN OS EXPERTOS, É UNHA CONFLUENCIA DO TESOIRO LEGADO POLOS GRANDES XENIOS DO FLAMENCO E A SÚA PROPIA FRESCURA INTERPRETATIVA.

Nacido no seo dunha familia xitana de orixes andaluzas asentada en Corral de Almaguer (Toledo), Israel Fernández é na actualidade un dos intérpretes flamencos máis importantes. Logrou transcender máis aló do flamenco, conseguindo captar a atención de novos públicos a través do seu personalísima maneira de interpretar o cante tradicional. Está a presentar “Pura Sangre”, a súa obra máis persoal ata a data, na que nos mostra a súa visión máis íntima da contorna que lle rodea e a súa maneira de interactuar co mundo exterior. Trátase dun traballo introspectivo en canto ao contido, no que Israel descobre a súa maneira de sentir e relacionarse co seu universo máis próximo: a familia, a cultura xitana, o amor, a natureza, os valores humanos e o seu eu máis profundo. A revista GQ incluíuno na súa lista dos 21 músicos con maior proxección do planeta.

25 domingo

22.30 H

DIQUE

Danza

ARSENAL (FERROL)

DE BALDE



NOVA GALEGA DE DANZA ESCENIFICA DIQUE, UNHA PEZA COA QUE HOMENAXEA ÁS ESTIBADORAS QUE TRABALLARON NA CONSTRUCCIÓN DO DIQUE DA CAMPÁ.

Eran unhas 200 mulleres que retiraron 245.000 metros cúbicos de terra e pedras e transportáronos en cestas que levaban sobre as súas cabezas. No 150 aniversario do inicio da construción do dique da Campá, a compañía Nova Galega de Danza presenta no Arsenal esta obra que fusiona baile tradicional e contemporáneo nunha conversa que reflicte a conexión entre o pasado e o presente. Dirixida por Marta Pazos, Dique fala de fortaleza e resiliencia, de sindicalismo e empoderamento e de solidariedade.

25 domingo

12.30 H

INEFABLE

Maxia

ACRD O POTE DE MANIÑOS (FENE)

DE BALDE

ESPECTÁCULO DO MAGO DANI POLO QUE VIAXA POLAS DIFERENTES DISCIPLINAS DO ILUSIONISMO.

Inefable é unha atractiva proposta visual con números novedosos e cunha maxia máis visual e tecnolóxica, que combina á perfección con escenas máis tradicionais como as levitacións ou os xogos de mentalismo.

SALA CURUXEIRAS

PUERTO Y CIUDAD

22 - 24 AGOSTO

📍 **CARANZA - FERROL**

FIESTAS PATRONALES DE CARANZA

24 AGOSTO

📍 **PASEO CARTAGENA S/N - CARANZA - FERROL**

🕒 **A PARTIR DE LAS 19.00 H**

X FIESTA DE EXALTACIÓN DEL CHOCO DE LA RÍA DE FERROL

30 AGOSTO - 15 SEPTIEMBRE

📍 **SALA CURUXEIRAS**

🕒 **11.00 A 14.00 H - 17.00 A 20.00 H**

EXPOSICIÓN "FERROL VELLO, EL BARRIO DEL QUE TODOS SOMOS VECINOS"



Autoridad Portuaria de
Ferrol-San Cibrao

ESTREA DO MES | 30 DE AGOSTO



VOLVERÉIS

Jonás Trueba

ENTREVISTA AO DIRECTOR

Creo que os seus dous últimos filmes están máis escoradas cara a comedia de costumes. Que lle atrae do xénero?

Creo que, excepto en *La Reconquista*, en todos os meus filmes hai humor, aínda que talvez nos dous últimos vaste facendo maior, vas entrando en crise, só che queda rir de ti mesmo e das túas propias estupideces. E o certo é que a premisa de *Volveréis* é máis de comedia clásica, que é algo co que eu crecín.

As comedias clásicas eran estupendos análises do mundo da parella, pero estaban feitas por homes.

As comedias clásicas estaban moi adiantadas ao seu tempo. Falo, por exemplo, dos filmes de Katherine Hepburn como *Historias de Filadelfia* ou *A costela de Adán*, que estaban escritas e dirixidas por homes. Ou *A pícara puritana* ou *Bóla de lume*, que eran moi modernas. No

que respecta a o meu cinema, é evidente que hai un cambio a partir de *La virgen de Agosto*, e aí influíu a miña colaboración con Itsaso.

No filme os protagonistas comunican a súa ruptura, e o seu anuncio parece case un fracaso colectivo. Hai algo nas parellas de hoxe que resulta máis vulnerable, máis efémero.

Parece que está mal visto que as parellas duren, non? Que iso forma parte dunha estrutura social doutra época. Parecíame bonito facer un filme que volvese poñer en escena unha parella pola á antiga usanza. Quizá a parella é contranatura, e ao mesmo tempo é o máis natural do mundo. Interésanme as dificultades que ten calquera parella en resistir, en ser fieis, en manter viva a chama do amor. Paréceme moi bonito reivindicar ese reto, mesmo provocador. Quizais, neste sentido, o filme o sexa, nun contexto, por exemplo, no que desapareceron as comedias románticas.

É a primeira vez que filma ao seu pai, Fernando Trueba...

Houbo momentos en que foi algo canso que o meu pai sempre acabase saíndo mencionado nas entrevistas, aínda que entendo que é unha sospeita lexítima, a de “fillo de”. Sempre tentei facer filmes á miña maneira, de forma moi independente, sen aproveitarme do meu apelido. En todo caso, creo que chegara o momento de afrontalo, de coller o touro polos cornos, e superalo pola vía do humor.

Teño a impresión de que a súa filmografía retrata a toda unha xeración...

Fíxate, teño un complexo con iso, porque cando ás veces mo dín, non me sinto lexitimado. Son consciente de onde veño, e de que non podo retratar a unha xeración porque a miña vida non é moi representativa de nada. Estou a falar dunha burbulla moi pequena. Trato de ser moi honesto con ese mundo, e tentar compartir iso con espectadores moi diversos.

Sergi Sánchez para *La Razón*
20.05.2024

2 agosto

REGRESO A Córsega

Catherine Corsini

2023 | Francia | 106' | francés | +12



Khédidja traballa para unha familia adifeirada en París que lle ofrece coidar dos nenos durante o verán en Córsega. Esta é unha oportunidade para ela de regresar á illa que deixou atrás hai anos xunto ás súas fillas, Jessica e Farah, que pasan o verán entre encontros inesperados, traxedias e as súas primeiras experiencias amorosas.

Cannes 2023 (sección oficial)

“Belamente interpretado” Variety

O MONXE E O RIFLE

Pawo Choyning Dorji

2023 | Bután | 106' | inglés e dzongkha



Ano 2006. O reino de Bután caminha cara á democracia. O goberno organiza simulacros de votacións para preparar á poboación. Mentres, na cidade de Ura, unha vello lama ordena a un monxe que lle consiga unha arma para afrontar o inminente cambio.

““Unha fábula divertida e perspicazmente satírica” Variety

9 agosto

A MULLER DO PRESIDENTE

Léa Domenach

2023 | Francia | 92' | francés



Bernadette Chirac (Catherine Deneuve) esperaba conseguir finalmente o posto que merecía cando chegase ao Palacio do Eliseo. Sempre traballara apoiando ao seu marido para que fose elixido como presidente. Porén, vingárase converténdose nunha importante figura mediática.

Cesar 2023 (candidata a Mellor Ópera Prima)

16 agosto

THE SWEET EAST

Sean Price Williams

2023 | EUA | 104' | inglés



Lillian, unha rapaza estudante de instituto, escápase durante unha excursión escolar.

Nesta picaresca viaxe que nos lembra a un conto de fadas ou a unha vándala Alicia no País das Marabillas, a moza descubrirá un mundo sorprendente. Benvidos a América!

SEMINCI Valladolid 2023 (candidata a Mellor Filme)

“É divertida e ardente, intelixente e tonta, unha pasada total” The Film Stage

23 agosto

MAXXXINE

Ti West

2024 | EUA | 103' | inglés



Despois de sobrevivir a unha masacre, Maxine continúa a súa viaxe cara á fama para ser actriz no Los Ángeles da década de 1980.

“Demostra que Mia Goth é unha innegable potencia en Holliwood “ Micropsia Cine

ISLA PERDIDA

Fernando Trueba

2024 | Español | 128' | español




Álex namora de Max, o norteamericano que rexenta o establecemento onde traballa de camareira. Mentres o seu amor florece, empézanse a descubrir inquietantes pistas sobre o escuro pasado de Max.

30 agosto

VOLVERÉIS

Jonás Trueba



2024 | España | 114' | español



Tras 15 anos como parella, Ale e Alex deciden organizar unha festa para celebrar a súa separación, deixando perplexos aos seus seres queridos.

Cannes 2024 (Mellor Filme Europeo - Quincena de realizadores)

“O mellor filme de Jonás Trueba” Kinótico



NOVELA

O QUE NON TEN PREZO

XOSÉ M. PACHO BLANCO | 150 PÁX. | **16,50€**

DESGRACIADAMENTE ESCASEA A OBRA LITERARIA DE XOSÉ M. PACHO BLANCO. EN DÚAS DÉCADAS SÓ DEU AO PRELO TRES OBRAS (CATRO SE CONTAMOS A TRADUCIÓN AO CASTELÁN DE A CHOIVA DO MUNDO). AFORTUNADAMENTE UNHA DELAS VÉN DE VER A LUZ O MES PASADO BAIXO O TÍTULO DE O QUE NON TEN PREZO.

Estamos ante un libro de lectura aparentemente sinxela que toca temas de fondo calado no complexo mundo de hoxe, e non podemos deixar de pensar no que o grande Italo Calvino definira como multiplicidade nas súas propostas cara o actual milenio. O fío narrativo é un billete de 500 euros que vai pespuntando historias que se relacionan entre si –ou non– pero nas que os seres humanos retratan os seus desexos e devezos. Na historia hai aparicións estelares dispares, desde Woody Allen ata o electricista amante dos billetes da catedral de Santiago (intuímos que orixe da idea do libro). Humor, ironía e crítica social agroman neste seguimento dun billete viaxeiro por varios continentes que é o motor dunhas situacións nas que os cartos definen o xeito en que nos relacionamos como individuos sociais e interpretan a medida dos nosos sonhos, aquilo que certamente non ten prezo. Unha lectura gozosa que sabe unir a crítica cun relato narrado con entretemento e fina intelixencia.

POESÍA FOTOGRAFÍA

PAPAGAIO

LUÍSA VILLALTA / MARIBEL LONGUEIRA | KALANDRAKA | 112 PÁX. | **22€**

Cando se publicou en 2005 este libro que une a poesía de Luísa Villalta e a fotografía de Maribel Longueira, a autora homenaxeada no día das Letras xa falecera. O volume editado por Laiovento, que retrata os restos do barrio vermello coruñés e o seu proceso especulativo -do corpo da muller ao centro da cidade-, era xa inencontrable. Esta reedición de Kalandraka recupera a forza dos versos afoutos da poeta e as imaxes inspiradoras de Longueira. A maiores, o limiar de Eva Veiga e Francisco Fernández Naval axudan a valorar esta marabilla.

ENSAIO

CARTAS DE MARCO POLO E OUTROS RELATOS

GABRIEL REI-DOVAL | EDICIÓN EMBORA | 112 PÁX. | **15€**

Este volume singular recolle artigos que, ao longo dos últimos anos, o profesor mugardés Gabriel Rei-Doval, docente na universidade de Wisconsin, foi publicando en medios de comunicación do país (Vieiros, Luzes, A Nosa Terra ou Galicia Confidencial) con importantes referentes familiares e amizades. Cun xeito de narrar inzado de referencias culturais compartidas, Rei-Doval salta de Mugardos a Oxford, a India ou Milwaukee para contarnos a súa estancia no mundo ou, o que é o mesmo, como os ollos e a sensibilidade dun intelectual galego interpretan o que sucede noutros lugares.

DELICIAS SONORAS



ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL: DE CENTEO E DURMIDEIRAS

Grandes doses de afouteza hai que ter para publicar, no mundo do reguetón e do autotune, discos de “spoken word” ou recitado de toda a vida. Pero aí está a poeta e artista multidisciplinar Rosalía Fernández Rial para escoller cinco pezas do seu libro “De centeos e durmideiras” (Cuatro Lunas, 2024) e amosar a forza das palabras envoltas en música. A acordeonista de Chicharrón, que xa publicara con Ferror Records “Desnortada” en 2022, regresa agora con este traballo orgánico e cheo de sensualidade. Ademais de contar coa voz, acordeón e sintetizadores de Rosalía Fernández Rial, o traballo conta coa zanfona de Guillermo Reiriz, o labor de Belén Lourenzo para incluír sons da natureza e colaboracións como a de Garza no corte “Envés” xunto coa produción da propia artista e Manolo Dourado. Todo isto axuda a crear unha atmosfera que arroupa as verbas intensas da poeta e música nun disco hipnótico que mantén unha vibración logo de ter abandonada a súa escoita tras oito intensos minutos. Unha mostra do que pode facerse cuns arranxos sonoros e a forza das verbas vivas de Vázquez.



VV.AA.: PUNK FLOYD: A TRIBUTE TO PINK FLOYD

Non é doado mesturar auga e aceite, pero pode intentarse. Así o deberon pensar os responsables do selo Cleopatra para unir o punk co seu oxímoro, a música progresiva, neste álbum tributo a Pink Floyd levado ao límite onde bandas de punk rock lendarias que engaden unha forte dose de actitude e anarquía a temas nos seus antípodas. O volume presenta a veteranos do movemento punk dos 70 e 80 como The Vibrators, UK Subs, Dead Boys, Skids ou Anti-Nowhere League entre as 17 bandas que adaptan a súa rabia vital á estética dos Floyd para facer algo diferente. Hai truco, boa parte dos temas escollidos (Lucifer Sam, Arnold Layne, Astronomy Domine, Bike, See Emily play) son da etapa inicial do inesquecible Syd Barrett, incluíndo algún tema do xenio de Cambridge en solitario como “Gigolo aunt”, cando a pesar do seu devalo mental aínda era capaz de facer marabillas. Dos anos aburridos e “mainstream” dos Floyd apenas se inclúen pezas como “Another brick in the wall” ou “Money”, e non resultan precisamente do mellor. Unha curiosidade case máis para divertirse que para admirarse, pero non é pouco.



LITTO NEBBIA: CANCIONES QUE NO QUIEREN MORIR

Litto Nebbia é un dos músicos arxentinos máis queridos e respectados desde os seus tempos en Los Gatos nos anos 60. A conexión con Ferrolterra existe xa que no ano 2006 figuraba no cartel do Felipop de Limodre e deu un concerto no pub Carteles da rúa do Sol. Neste ano do seu 75 aniversario o interese polo artista medra. Proba disto é esta recompilación do selo madrileño Vampisoul de 21 gravacións de Nebbia do período 1971-1988, un tempo prolífico na carreira do artista arxentino e na historia do seu selo discográfico, Discos Meloepa, que inclúe diferentes sons, dende o jazz ata os ritmos brasileiros ou temas experimentais. Artistas e produtores de hip-hop como The Alchemist, Jay Electronica e DJs como Gilles Peterson manifestaron abertamente a súa admiración por Nebbia, xerando un gran interese polos seus discos entre coleccionistas de todo o mundo. Este recompilatorio, en formato de dobre LP, é o primeiro que se estrea en Europa e inclúe gravacións dos seus discos máis coñecidos xunto con rarezas, a gran maioría das cales nunca foron reeditadas en vinilo, e notas interiores con fotos do artista.

AGOSTO

01xoves

FEIRA

Todo o día. Ferrol Vello. Ferrol.

FEIRA MEDIEVAL

FEIRA

16.00 h As Cabazas. Covas. Ferrol.

EQUIOCIO

INFANTIL

20.00 h Parque do Principiño. Neda.

KORI, DE KOCORICO

02venres

FEIRA

Todo o día. Ferrol Vello. Ferrol.

FEIRA MEDIEVAL

FEIRA

10.00 h As Cabazas. Covas. Ferrol.

EQUIOCIO

MÚSICA

20.00 h Rúa Magdalena. Ferrol.

LA VANES BAND

03sábado

FEIRA

Todo o día. Ferrol Vello. Ferrol.

FEIRA MEDIEVAL

FEIRA

10.00 h As Cabazas. Covas. Ferrol.

EQUIOCIO

MÚSICA

19.00 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

KATTLES (BATALLAS FREESTYLE)

MÚSICA

20.00 h Rúa Galiano. Ferrol.

LA VEPE

MÚSICA

20.00 h Inferniño. Ferrol.

ALMUDENA

04domingo

FEIRA

Todo o día. Ferrol Vello. Ferrol.

FEIRA MEDIEVAL

FEIRA

10.00 h As Cabazas. Covas. Ferrol.

EQUIOCIO

06martes

MÚSICA

20.00 h Rúa Dolores. Ferrol.

SUSANA ADALID

07mércores

MÚSICA

20.00 h Rúa Real. Ferrol.

LOS LIMONES

08xoves

FEIRA

Todo o día. Ferrol Vello. Ferrol.

FEIRA MEDIEVAL

MÚSICA

20.00 h Rúa Magdalena. Ferrol.

LOS ALCÁNTARA

09venres

FESTIVAL

Todo o día. Muiño de Pedroso. Narón.

GULLIVER FEST

FESTIVAL MAR ABERTO

19.30 h Castelo de San Felipe. Ferrol.

PAMELA RODRÍGUEZ + JUNO

FELICIA POP

21.10 h Limodre. Fene.

HELEN & SHANNA

22.10 h Limodre. Fene.

THE BLIND CROWS

23.20 h Limodre. Fene.

BOSTON BABIES

00.30 h Limodre. Fene.

FRUIT TONES

02.10 h Limodre. Fene.

DOCTOR EXPLOSION

10sábado

FESTIVAL

Todo o día. Pedroso. Narón.

GULLIVER FEST

MÚSICA

13.00 h Rúa S. Francisco. Ferrol

TODO EL LARGO VERANO

FESTIVAL MAR ABERTO

19.30 h Castelo de San Felipe.

LÚA DE SANTANA Y MARÍA JOSÉ LLERGO

FELICIA POP

21.10 h Limodre. Fene.

LORRE

22.10 h Limodre. Fene.

MEU

23.20 h Limodre. Fene.

FLEUR

00.35 h Limodre. Fene.

LA PERRA BLANCO

02.05 h Limodre. Fene.

THE TAMBLES



11domingo

FESTIVAL

Todo o día. Pedroso. Narón.

GULLIVER FEST

13martes

MÚSICA

20.00 h Rúa Dolores. Ferrol.

SARA EMBER

14mércores

MÚSICA

20.00 h Rúa Magdalena. Ferrol.

3D BAND

15xoves

MÚSICA

20.00 h Rúa Real. Ferrol.

MINORÍA ABSOLUTA

16venres

FESTIVAL

Todo o día. Covas. Ferrol.

NACHIÑOS FEST

JAZZ DE RÍA

21.30 h Pazo da Cultura. Narón

MARCO MEZQUIDA



MÚSICA

22.00 h Praza Roxa. Cedeira.

GUADI GALEGO

17sábado

FESTIVAL

Todo o día. Covas. Ferrol.

NACHIÑOS FEST

MÚSICA

13.00 h Rúa San Francisco. Ferrol.

EL HOMBRE FLIPANTE

JAZZ DE RÍA

13.30 h Parque Freixeiro. Narón.

DEMO RUMUDO

19.00 h Parque Freixeiro. Narón.

MAGALÍ SARE & MANEL FORTIÁ

20.30 h Parque Freixeiro. Narón

PABLO SANMAMED TRÍO + BENXAMÍN OTERO

22.00 h Parque Freixeiro. Narón

ALBA CARETA GROUP

FESTAS DE FERROL

19.00 h Praza de Armas. Ferrol.

PREGÓN

FESTAS DE FERROL

20.00 h Praza de Armas. Ferrol.

CONCERTO CADENA 100: DEPOL, MELOCOS, PAULA MATTHEUS E DAVID OTERO

SOLPORES DE CANIDO

20.30 h Centro Cívico de Canido. Ferrol.

DALSY + BRATZANTIFA**MÚSICA**

21.00 h Parque Freixeiro. Narón.

ZUGUNRUHE**MÚSICA**

22.30 h CCRD Perillo. Fene.

POI AO VIVO**18domingo****JAZZ DE RÍA**

13.00 h Ribeira de San Nicolás. Neda.

ANTÍA MUÑO**FESTAS DE FERROL**

22.00 h Praza de Armas. Ferrol.

VEINTIUNO**19hns****JAZZ DE RÍA**

19.00 h Parque dos Patos. Cedeira.

LE BARLUTHIER

21.30 h Parque de San Isidro. Cedeira.

CUARTETO FEDERAL**FESTAS DE FERROL**

22.00 h Praza de Armas. Ferrol.

CARLOS BAUTE**20martes****JAZZ DE RÍA**

19.00 h Pantín. Valdoviño.

ROTEIRO: BALCÓNS AO ATLANTICO

21.00 h Praia do Baleo. Valdoviño.

LETICIA REY**FESTAS DE FERROL**

22.00 h Praza de Armas. Ferrol.

DÉCADA PRODIGIOSA + METROPOL**21mércores****FESTAS DE FERROL**

22.00 h Praza de Armas. Ferrol.

FILLAS DE CASANDRA**22xoves****MÚSICA**

20.00 h Rúa Magdalena. Ferrol.

LA INDIRIGIBLE**FESTAS DE FERROL**

22.00 h Praza de Armas. Ferrol.

BERET**23venres****FESTAS DE FERROL**

22.00 h Praza de Armas. Ferrol.

COTI**24sábado****FESTAS DE FERROL**

22.00 h Praza de Armas. Ferrol.

ABRAHAM MATEO**25domingo****FESTA**

10.00 h Saída do porto de Curuxeirás. Ferrol.

BATALLA DE BRIÓN**MAXIA**

13.00 h ACRD O Pote Maniños. Fene.

DANI POLO: INEFABLE**DANZA**

22.30 h Dique. Arsenal. Ferrol.

DIQUE**27martes****SURF**

Todo o día. Praia de Pantín. Valdoviño.

PANTÍN CLASSIC**MÚSICA**

20.00 h Rúa Dolores. Ferrol.

TANIA**FESTAS DE FERROL**

22.00 h Praza de Armas. Ferrol.

ISRAEL FERNÁNDEZ**28mércores****SURF**

Todo o día. Praia de Pantín. Valdoviño.

PANTÍN CLASSIC**MÚSICA**

19.30 h Praza de Armas. Ferrol.

FESTIVAL DE RONDALLAS**29xoves****SURF**

Todo o día. Praia de Pantín. Valdoviño.

PANTÍN CLASSIC**FESTAS DE FERROL**

00.00 h Caranza. Ferrol.

PARÍS DE NOIA**30 venres****SURF**

Todo o día. Praia de Pantín. Valdoviño.

PANTÍN CLASSIC**ROCK EN CANIDO**

20.00 h Praza Fernando Miramontes. Canido. Ferrol.

PABLO LEIRA

21.15 h Praza Fernando Miramontes. Canido. Ferrol.

JULIÉS JOPLIN

22.30 h Praza Fernando Miramontes. Canido. Ferrol.

PÓLISONG

23.45 h Praza Fernando Miramontes. Canido. Ferrol.

O FUNKILLO**31sábado****SURF**

Todo o día. Praia de Pantín. Valdoviño.

PANTÍN CLASSIC**MÚSICA**

13.00 h Praza de Armas. Ferrol.

CONCERTO CADENA 100: DEPOL, MELOCOS, PAULA MATTHEUS E DAVID OTERO**INFANTIL**

16.30 h Avenida de Esteiro. Ferrol.

FESTA FIN DE VERÁN**FESTAS DE FERROL**

20.00 h Rúa San Francisco. Ferrol.

NACHO ALFA & CRIS VEIGAS**FESTAS DE FERROL**

00.20 h Praza de Armas. Ferrol.

ORIGEN

**Nº 194
ANO XVI**

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63 - 1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

i edicionsembora

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilitana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción